



Guía Docente				
Datos Identificativos			2021/22	
Asignatura (*)	Prácticas externas	Código	760492026	
Titulación				
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuadrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da SaúdeDereito PúblicoEconomíaEmpresaEnxeñaría IndustrialEnxeñaría Naval e IndustrialPsicoloxíaQuímica			
Coordinación	García Nuñez, Moises Alberto	Correo electrónico	moises.alberto.garcia@udc.es	
Profesorado	Agullo Leal, Fernando Alonso Seoane, Maria Jesus Anido Martinez, Cristina Garcia Lopez, Javier Angel Garcia Nuñez, Moises Alberto Lopez Coira, Jose Rolon Varela, Jose Maria Sánchez Fernández, María Dolores	Correo electrónico	fernando.agullo@udc.es maria.alonso.seoane@udc.es cristina.anido@udc.es javier.garcial@udc.es moises.alberto.garcia@udc.es j.lcoira@udc.es j.rolon@udc.es maria.sanchezf@udc.es	
Web	www.fct.udc.es			
Descrición xeral	<p>O desenvolvemento das Prácticas Externas terá como finalidade a posta en práctica polos alumnos dos coñecementos, destrezas e habilidades adquiridos ao longo do Máster. Consiste na realización de prácticas mediante un sistema de permanencia regulada nunha empresa, organismo ou institución administrativa, económica ou profesional, de carácter público ou privado así como na elaboración dunha memoria na que se plasme a experiencia da realización das mesmas.</p> <p>As prácticas teñen como obxectivo fundamental complementar a formación teórica dos estudantes e facilitar a súa inserción no mundo laboral. Permitirán a asimilación por parte dos estudantes da realidade institucional e empresarial da súa contorna no ámbito das súas respectivas profesións futuras cos seguintes fins, en particular:</p> <p>Formación integral no ámbito de estudo do título, equilibrando a formación teórica e a práctica.</p> <p>Adquisición das competencias propias do título.</p> <p>Obtención de experiencia profesional que facilite a empleabilidade e a inserción máis adecuada no mercado laboral.</p> <p>Desenvolvemento da capacidade de decisión, do espírito crítico e da capacidade de traballo en equipo.</p>			



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Non se realizaron cambios</p> <p>2. Metodoloxías ? Non hai cambios</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>Ferramenta Temporalización Email Teams</p> <p>Teléfono Para titorías individuais/grupo, convir horario co titor académico ou co coordinador do Máster a través do correo electrónico.</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>Para dar resposta á problemática particular do desenvolvemento das prácticas externas curriculares, poderase optar por algunha das seguintes opcións:</p> <p>? Continuar co desenvolvemento das prácticas de maneira non presencial dentro das datas previstas.</p> <p>? Manter as prácticas na modalidade presencial, sempre que se garanta que se respectan os parámetros que as autoridades sanitarias esixen na actual situación provocada pola COVID-19. Se non se dan as condicións indicadas, as prácticas deberán interromperse e poderán recuperarse noutro período, unha vez que se poidan restablecer as condicións para o seu normal desenvolvemento. En ambos os dous supostos, garantirase que se mantén o plan formativo e de titorización por parte da entidade, coas adaptacións que as circunstancias poidan demandar.</p> <p>? Substituír as prácticas por outras actividades. De non darse as condicións indicadas no primeiro suposto e non resultar factible a súa recuperación nun período posterior, daranse por finalizadas. Permitirase a avaliación do estudante de terse completado o 50% das horas inicialmente previstas. No caso de que o número de horas prácticas realizadas polo estudantado non alcanzase este 50%, a dirección do centro, en coordinación cos titores, poderán autorizar a avaliación sempre que garanta que se acadaron os obxectivos formativos previstos e as competencias asociadas á materia. Para ese efecto, poderán modificarse as actividades de avaliación previstas inicialmente nos programas, completándose con novos traballos, proxectos, resolución de casos prácticos e outras actividades análogas.</p> <p>En calquera caso, a decisión que finalmente se adopte terá que ser acordada polo/a estudante e polas persoas encargadas da súa titorización na entidade colaboradora e no centro universitario, e ratificada polo centro co procedemento que se determine.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Sen modificacións.</p>
-----------------------------	--

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



	AP8	BP1	CM1
	AP9	BP2	CM3
	AP10	BP3	CM4
	AP11	BP4	CM5
		BP5	CM6
		BP6	CM7
		BP7	CM8
		BP8	
		BP9	
		BP10	
		BP11	
		BP12	
		BP13	

Contidos	
Temas	Subtemas
ASIGNACIÓN DAS EMPRESAS / INSTITUCIONES.	As prácticas regularanse polos convenios asinados entre a Universidade e as institucións ou empresas que colaboren na formación dos alumnos. Corresponderá ao coordinador do Mestrado a asignación da empresa / institución na que cada alumno desenvolverá as prácticas. En todo caso, para a selección dos estudantes terase en conta criterios, tales como, rendemento académico no máster (cualificacións académicas, asistencia ás aulas...), preferencias de especialización, demandas das empresas ou institucións receptoras, estudos previos, xornada e horario de traballo, lugar de residencia... Se o coordinador estima necesario, manterá, ademais, unha entrevista persoal previa co alumno.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Resumo		0	1	1
Prácticas de laboratorio		148	0	148
Atención personalizada		5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Resumo	<p>Ao finalizar as prácticas na correspondente empresa / institución, cada alumno, de forma individual, elaborará e entregará ao titor académico unha Memoria Final descritiva e explicativa do seu desenvolvemento. Para iso utilizarase o modelo establecido pola Universidade.</p> <p>Para a elaboración desta Memoria Final o alumno poderá acudir, no horario prefijado, á tutoría personalizada co seu titor académico.</p> <p>Só poderán presentar a Memoria Final os alumnos que realizasen a porcentaxe mínima obrigatorio das prácticas (80 por 100 do tempo total asignado).</p>



Prácticas de laboratorio	<p>As prácticas nas empresas ou institucións efectuaranse no horario prefixado e consistirán na realización das tarefas asignadas a cada alumno e que estarán relacionadas cos coñecementos teóricos adquiridos no Mestrado. Será obrigatorio asistir ao 80 por 100 das horas presenciais.</p> <p>A Universidade e a empresa ou institución receptora nomearán senllos titores de prácticas para o seguimento da aprendizaxe do alumno. O titor na empresa ou institución, que deberá posuír a cualificación ou experiencia profesional adecuada, encargarse do seguimento do proceso formativo na mesma, propulsará a realización das prácticas e emitirá informe sobre o seu contido e avaliación, segundo o modelo establecido pola Universidade. O titor académico terá a misión de garantir o correcto desenvolvemento das prácticas, dar resposta ás expectativas formativas establecidas e informar en primeira instancia sobre a Memoria Final de prácticas.</p>
--------------------------	--

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio Resumo	Consultas con ambos titores.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Prácticas de laboratorio		Informe do titor profesional	80
Resumo		Memoria de prácticas	20

Observacións avaliación

O titor académico avaliará numéricamente as prácticas desenvolvidas, cumprimentando o correspondente informe de valoración final que deberá ter en conta o seguimento levado a cabo, o informe do titor profesional e a memoria final entregada polo estudante.

O réxime de cualificación será o mesmo que para as restantes materias. Para outorgar a mención de Matrícula de Honra, en caso de existir máis estudantes coa máxima cualificación numérica que posibles M.H. nesa oportunidade, reunirse a Comisión de Organización Académica que terá en conta os mesmos méritos comentados anteriormente.

No caso de que o estudante non completase no lugar onde se realizan as prácticas, e a plena satisfacción do titor, o 80% polo menos, das horas establecidas, emitírase informe final desfavorable de ditas prácticas e cualificación de "non presentado" na materia "Prácticas Externas". Igualmente se transcorrido o prazo sinalado polo coordinador do mestrado, o estudante non entregase a Memoria Final das prácticas, emitírase informe final desfavorable de ditas prácticas e cualificación de "non presentado" na materia de Prácticas Externas.

Fontes de información

Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Seguridade Social Complementaria/760492001
 Dereito do Traballo e crise da empresa/760492002
 Xestión da Prevención de Riscos Laborais/760492003
 Aspectos macroeconómicos e territoriais do mercado de traballo/760492004
 Xestión Tributaria/760492005
 Análise Contable/760492006
 Aspectos xurídico-laborais en materia de igualdade/760492007

Materias que se recomenda cursar simultaneamente



Dirección Estratéxica de RRHH/760492014

A Simulación como ferramenta de deseño de políticas de RRHH/760492015

Xestión do coñecemento/760492016

Liderazgo e Habilidades Directivas/760492017

As dúas visións do Conflicto Laboral/760492018

Xestión da Seguridade Social/760492019

Iniciativa Emprendedora/760492020

Materias que continúan o temario

Traballo de fin de Mestrado/760492027

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías